

Código do documento	Código do expediente
UPO18I00UY	UPO/2024/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 152D 2S0X 0V71 125V 093J	

Libro de Resolucíons

Número : 627

Data : 09/04/2024

MFA

RESOLUCIÓN

Asunto: Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento dos membros da Comisión de Avaliación e data do exercicio da fase de oposición

O día 5 de marzo de 2024 o Servizo de Persoal eleva un informe no que propón iniciar un proceso selectivo para prover, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso oposición, o posto de traballo de mestre/a (formador/a), para impartir os módulos formativos MF0257_1: Servizo básico de restaurante e bar (120 horas), MF0258_1: Aprovisionamento, bebidas e comidas rápidas (90 horas) e MP0015: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas) cunha serie de condicións e sinalando as bases que rexirán o procedemento selectivo (Cód. Doc: UPO18I00JF; EXP: UPO/2024/44).

O día 12 de marzo de 2024 o interventor accidental do Concello de Culleredo emite un informe de fiscalización favorable respecto ao informe proposta do Servizo de Persoal (Cód. Doc: UIT18I00IZ; EXP: UPO/2024/44).

O día 2 de abril de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias solicitando tomar parte na convocatoria realizada por este concello, para cubrir os postos de traballo de mestra/e (persoal laboral temporal) necesario para impartir os módulos formativos MF0257_1, MF0258_1 E MP0015 da especialidade H0TR0208-Operacións básicas de Restaurante e Bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024

Na convocatoria especificábase que a contratación do persoal estará supeditada á realización do curso e a validación dos candidatos por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

No punto 2 das bases da convocatoria establécense os requisitos que deberán reunir os/as aspirantes para ser admitidos/as no proceso selectivo.

Na solicitude o/a interesado/a, declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nela.

O día 2 de abril de 2024 dictouse a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, fixando un prazo de 3 días hábiles, desde o día seguinte a súa publicación na páxina web e no taboleiro, para facer alegacións ou subsanar erros.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I00UY	UPO/2024/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
152D 2S0X 0V71 125V 093J	

O día de 3 de abril de 2024 publicouse a mencionada resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo.

Durante o prazo de subsanación, don Luis López-Rioboo Salinas subsanou o motivo da súa exclusión provisional.

O día 8 de abril de 2024 rematou o prazo para facer alegacións ou subsanar erros

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos e co disposto na base 4.1 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección de mestra/e (persoal laboral temporal) para impartir os módulos formativos MF0257_1, MF0258_1 e MP0015 da especialidade HOTR0208-Operacións básicas de Restaurante e Bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024, de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa HOTR00208. Operacións básicas de restaurante e bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024

ADMITIDOS/AS:

Número de orde	Apelidos e Nome	DNI
1	Campos Sánchez, Carmen María	***1243**
2	González Salgueiro, Marta	***4116**
3	López-Rioboo Salinas, Luis	***4222**
4	Méndez Freire, Eva María	***8356**
5	Neira Varela, Ainhoa	***0618**
6	Ouviña Santamaría, Mercedes	***3683**
7	Rey Fariña, Fabián	***3108**

EXCLUIDOS/AS

Código do documento	Código do expediente
UPO18I00UY	UPO/2024/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
152D 2S0X 0V71 125V 093J	

Ningún/Ningunha

Segundo.- Nomear aos membros da Comisión de Avaliación, que terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: María Isabel Buján Bernárdez (suplente: Roberto Babío Fernández)

- Vogais:

Carmen Arraña Penas (suplente: David Suárez Rodríguez).

María José de Santiago Pérez (Suplente: Mireia García Castro).

Carmen Veira Baldomir (Suplente: Karina Paula Díaz Arluna).

- Secretario: Rafael José del Barrio Berbel (Suplente: Francisco Javier Varela Tejedor).

Terceiro.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización da fase de oposición (defensa durante un período máximo de 20 minutos da memoria presentada xunto coa solicitude), que terá lugar o día 11 de abril ás 13:30 horas no Centro Municipal de Formación e Emprego Pablo Picasso (Rúa Antonio Machado, SN, 15670, O Burgo, Culleredo).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I00UY	UPO/2024/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
152D 2S0X 0V71 125V 093J	

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, a data da sinatura dixital

A proposta de

O xefe do Gabinete técnico

C.I.F. P-1503100-H

A concelleira delegada de Cohesión Social,
Recursos Humanos e Réxime Interior

Dou fe
O secretario xeral

FIGUEROA FUENTES,
MARTA MARIA
Concelleira delegada de
cohesión social, recursos
humanos e réxime interior
PD (Resolución 1260 de
04/07/2023, BOP num. 131
de 11/07/2023)

P.D. Resolución 1260/2023 do 04.07.2023
(BOP núm. 131, do 11.07.2023)